

RESUMO DE CONTIDOS

Misterio no mosteiro: a Alta Idade Media na Península Ibérica

Xeografía e Historia |
2º ESO



Índice

A Idade Media na Península: de onde vimos?.....	2
O reino visigodo de Toledo.....	2
A cultura hispanovisigoda.....	2
A relixión.....	2
Fortalecemento do rei.....	3
A lexislación.....	3
Os concilios.....	3
Os árabes chegan a occidente.....	4
A conquista da Península Ibérica.....	4
O Emirato.....	4
O califato de Córdoba.....	5
Os reinos Taifas.....	5
Almorábides e almohades.....	6
O reino de Granada.....	6
Un período de “reconquista”?.....	6
Arte prerrománica: a arte asturiana e a arte do século dez (X).....	7
A arte prerrománica.....	7
A arte do século dez (X).....	8
O reino de Galicia.....	8

A Idade Media na Península: de onde vimos?

Nesta unidade aprenderás os feitos máis importantes da Alta e Plena Idade Media na Península Ibérica: que pasa despois do Reino Suevo de Galicia? Que pobos vivían no territorio peninsular? Como aparecen os reinos medievais cristiáns? Como eran as relacións entre membros de distintas relixións?

Como xa vimos ao estudar outras épocas e lugares, todos estes factores inflúen na nosa sociedade actual, e a Idade Media non é unha excepción: os castelos que vemos espallados por Galicia, as catedrais, incluso a lingua! Todas estas cousas afunden as súas raíces na Idade Media, así que imos aló!

O reino visigodo de Toledo

No século seis (VI) a Península Ibérica estaba dividida en 4 territorios principais: o Reino suevo de Galicia, o Reino visigodo, a parte norte ocupada polos cántabros e vascóns, e a parte sur que estaba dominada polo imperio bizantino.

O Reino suevo de Galicia desaparece no ano quinientos oitenta e cinco, (585) da Era Común, cando o rei visigodo Leovixildo conquista o seu territorio e depón ao rei suevo Andeca. Para o ano setecentos (700), os visigodos tiñan conquistado toda a Península e decidiron establecer a súa capital en Toledo. Isto será moi importante ao longo de toda a Idade Media para os reinos cristiáns, pero non adiantemos acontecementos... Para os inicios do século oito (VIII) a Península unha uniformidade territorial.

A cultura hispanovisigoda

O pobo visigodo deixou importantes pegadas culturais e un estilo artístico propio que forma parte do que se denomina "Prerrománico" (porque vai antes do Románico, do que falaremos na seguinte unidade).

Unha parte moi importante da cultura visigoda é a **relixión**, outra é a **monarquía centralizada** e outra é o **mantemento ou imitación das institucións imperiais romanas**.

A relixión

O pobo visigodo convertiuse ao cristianismo no ano quinientos oitenta e sete (587), pouco despois de ter conquistado o Reino suevo de Galicia. Como todos os pobos xermánicos, nun principio os visigodos eran pagáns, é dicir, tiñan a súa propia relixión independente da do Imperio Romano e da Igrexa.

Un dos testemuños artísticos máis importantes que conservamos do Reino visigodo é precisamente a arquitectura relixiosa, e aínda que son poucas as igrexas que quedan en pé, temos algunha moi preto: en **Bande (Ourense)** conservase a **igreja de Santa Comba**. De muros moi grosos, non é demasiado alta e ten arcos de medio punto (semicirculares) e columnas con capiteis clásicos: é como se quixeran reproducir a arquitectura de época romana pero con granito!

Unha das persoas máis importantes deste período foi o bispo **Isidoro de Sevilla**, que escribiu unha obra chamada *Etimoloxías*.

Fortalecemento do rei

Nos pobos xermánicos a **monarquía era electiva**, é dicir, que a figura do "rei" ou líder non era hereditaria. Isto significa que non pasaba de pais a fillos (si, estamos a falar unicamente de homes, xa que as mulleres non podían acceder a estes cargos salvo excepcións moi contadas).

O rei Leovixildo intentou que o título de rei fose hereditario para asegurar a permanencia na familia e por cuestións de estabilidade política: nunha monarquía hereditaria era máis fácil poñer de acordo aos nobres e evitárase a tentación de que loitaran entre si polo título.

Pero as cousas non sempre funcionan como se espera, e a realidade é que aínda que o título de rei pasou de pais a fillos en varias ocasións, noutras moitas os reinados foron moi breves e o título foi usurpado por militares poderosos como ocorría durante o Imperio Romano.

A lexislación

O pobo visigodo era consciente da necesidade de ter un **código de leis** que asegurara o mantemento da paz e da convivencia. Esta característica vén directamente do Imperio Romano.

Durante os diferentes reinados visigodos houbo varios códigos de leis, pero o máis coñecido é o **Código de Eurico**, do século cinco (V), e o **Código de Recesvinto**, tamén coñecido como Liber Iudiciorum (Libro dos xuízos). Estes códigos están escritos en latín, e aínda que se trata dun latín deturpado e alterado, demostra que os reis visigodos víanse como herdeiros dos emperadores romanos.

Os concilios

Os concilios eran reunións de nobres e relixiosos. A medida que avanzou a Idade Media convírtense nas cortes, unhas reunións que convocaba o rei para tratar asuntos de estado. Estas reunións trataban temas moi diversos, dende cuestións relixiosas ata impostos, a sucesión ao trono ou problemas militares con outros reinos.

Os árabes chegan a occidente

Hai dúas datas clave para entender a orixe do Islam e a súa relación coa Península Ibérica:

- Ano 622. Mahoma migra da Meca a Medina, esta viaxe chamouse a **Héxira**. A Península Arábiga vai cambiar a súa historia, coa aparición dunha nova relixión monoteísta, O ISLAM e un novo calendario lunar, o musulmán. Así, os árabes inician a súa expansión polo Mediterráneo.
- Ano 711. A Península Ibérica está poboada polos visigodos. Os xenerais **Tariq e Muza**, á fronte de 18.000 árabes, sirios e bereberes derrotaron ao rei **Don Rodrigo** na **batalla de Guadalete**. É o inicio da ocupación da Península Ibérica polos árabes e a aparición de **Al-Andalus**.

A conquista da Península Ibérica

Os musulmáns conquistaron a Península de xeito moi rápido:

- O **reino visigodo** estaba **debilitado** polas súas loitas internas. Os árabes eran máis tolerantes coas minorías relixiosas (xudeus, por exemplo), a cambio de impostos.
- Os **nobres hispano-visigodos conservaron as súas propiedades** (aínda que subordinados aos árabes por pactos ou capitulacións).

En sete anos xa controlaban o territorio e a maior parte da poboación hispano-visigoda. Quedaron fóra do seu control algúns territorios montañosos ou despoboados do norte, onde se refuxiaron algúns nobres e cregos hispano-visigodos e parte da poboación.

Os árabes chamaron á súa nova provincia "**Al-Andalus**", que significa "Terra de vándalos", aínda que hai historiadores que defenden que, en realidade, deriva dunha palabra goda que significa "Terra de sorteo (labranza)".

O Emirato

O territorio da Península converteuse nun **emirato**, sometido ao **califato omeia de Damasco**, con dúas fases claramente diferenciadas:

1. **Emirato Dependente de Damasco** (716 - 756): A **familia Omeia** gobernaba o imperio dende Damasco, mais o emirato estaba baixo o mando do wali ou valí. Sevilla e Córdoba foron as súas capitais. A gran distancia entre a Península e Damasco dificultou o dominio real da provincia.

2. **Emirato Independente de Bagdad** (756 - 929): No ano setecentos cincuenta, (750), unha revolta da **familia abasí**, finalizou co asasinato da familia Omeia e a súa substitución no trono. A nova dinastía trasladou a capital de Damasco a Bagdad. **Abd-al-rahman I** (756-788), único supervivente da familia Omeia logrou fuxir e establecerse en **Al-Andalus**, onde rompeu relacións co califato de Bagdad e proclamouse emir independente. Esta ruptura só foi política mais non relixiosa. Durante este período producíronse enfrontamentos entre o poder e as familias nobres de Al-Andalus e os mozárabes (poboación hispana).

Esta primeira etapa, foi unha etapa de auxe económico, administrativo, xurídico e cultural.

O califato de Córdoba

No ano novecentos once, (912) accede ao poder de Al-Andalus, **Abd-al-rahman III**, nun momento moi delicado, por mor dos enfrontamentos internos do emirato, os ataques dos **reinos do Norte** (León, Navarra, Castela) e as ameazas ao comercio marítimo por parte dos musulmáns do **Norte de África**.

O novo emir someteu aos reinos do norte e obrigounos a pagar impostos; tamén creou bases militares nos territorios do Estreito de Xibraltar, protexendo así o comercio. Para rematar, solucións os problemas internos impoñendo a súa autoridade sobre todos os grupos sociais.

Nesta situación de estabilidade, **Abd-al-rahman III proclámase califa dos crentes de Al-Andalus no ano novecentos viente e nove (929)**, asumindo a **autoridade política e relixiosa**. Iníciase así o **califato de Córdoba**, o período de maíes esplendor de Al-Andalus.

Os reinos Taifas

A caída do Califato de Córdoba, prodúcese pola **presión da aristocracia, dos altos funcionarios e do exército**, tentando fuxir do control do **califa**.

Neste período **Al-Andalus** fragmentouse en 25 pequenos reinos, coñecidos como **TAIFAS** (ciudades-estado, rodeadas de territorio, coa cidade como centro económico). Entre estes reinos destacaron *Sevilla, Granada, Denia, Tortosa, Badaxoz, Toledo e Zaragoza*.

Estes reinos caracterizáronse por:

- A intención de manter o esplendor árabe na Península
- A prosperidade económica
- Gran importancia cultural

- Escaso poder militar que provocou a perda territorial ante o avance dos reinos do norte, malia a axuda de **almorábides e almohades** (pobos chegados dende o Norte de África).

Almorábides e almohades

Ante o avance cristián cara o sur, os árabes de Al-Andalus pídenlle axuda aos seus veciños africanos. Dous pobos chegan á península, en dúas vagas no **século doce (XII)**:

- **Os Almorábides**: Confederación de tribos bérebers, caracterizado polo seu fanatismo relixioso e a defensa da **Guerra Santa** para defender a súa relixión
- **Os Almohades**: Tribo bereber do norte de África para frear a decadencia de Al-Andalus. Foron derrotados polos reinos cristiáns na Batalla das **Navas de Tolosa** no ano mil dous centos doce (1212).

O reino de Granada

A **taifa de Granada** converteuse no último núcleo árabe da Península. O pequeno reino estaba gobernado por sultáns ou reis da **dinastía nazarí** (descendentes das familias do Norte de África). Estendíase polas actuais provincias de *Almería, Granada, Málaga e parte de Cádiz*.

Para a súa supervivencia exerceron un gran control da zona costeira, con importantes portos comerciais e unha próspera agricultura de regadío.

Esta riqueza permitiulles sobrevivir malia aos **grandes impostos en ouro** que debían aos reis de Castela.

O reino foi conquistado polos **Reis Católicos** no mil quatrocentos noventa e dous (1492). Isto **non supuxo** o final da presenza árabe na península, mais si o **final de Al-Andalus e o seu dominio político**.

Un período de “reconquista”?

Trala chegada do Islam á Península Ibérica, a súa expansión foi imparable: rapidamente toda a Península formaba parte do **Califato Omeia**.

Só un pequeno territorio no norte poboado por astures resistiu trala victoria cristiá na **batalla de Covadonga** no ano setecentos vinte e dous (722). Os cristáns elixiron como xefe ou príncipe a **don Pelaio**, sendo o xermolo do **reino de Asturias** a partir do século nove (IX), con capital en **Oviedo**. Por outra parte, ao norte dos Pirineos os exércitos musulmáns foron detidos no ano setecentos trinta e dous (732) polo **imperio carolinxio** na **batalla de Poitiers**, repregándose cara a Península Ibérica.

Comezará neste momento un período que a historiografía denominou "**Reconquista**", aínda que é un termo que hoxe en día resulta **polémico** e convén matizar.

O certo é que eses territorios cristiáns que se convertirán no **reino de Asturias**, aínda que formaban parte do reino visigodo, pouco ou nada tiñan que ver con aquela xente de orixe xermánica. En realidade o termo "Reconquista" non é moi medieval: naquela época empregaban palabras como **Restitución ou Recuperación**. Pese ao emprego de diferentes termos, o certo é que se trata dun período marcado polos enfrontamentos militares entre cristiáns e musulmáns, aínda que tamén houbo alianzas entre eles cando os intereses políticos así o esixiron.

A pretensión dos reis cristiáns era recuperar o control do terreo conquistado polos musulmáns (de aí o de "re"conquista), pero a cousa pintaba mal debido **á inferioridade numérica e militar**. Porén, nos seguintes quíntos cincuenta anos (550) os reinos cristiáns **expandirán o seu territorio** cunha serie de vitorias militares ata chegar a Sevilla no mil catro centos corenta e oito (1248).

Arte prerrománica: a arte asturiana e a arte do século dez (X).

A arte prerrománica

Co establecemento de Oviedo como capital do **reino de Asturias** no século nove (IX), a cidade e os arredores foron modernizados e levantáronse novos edificios. O exemplo máis representativo é **Santa María do Naranco**, unha igrexa-pazo dos reis que téñ elementos xa coñecidos tomados da arquitectura visigoda:

- Grosos muros de pedra
- Contrafortes
- Columnas que imitan as formas clásicas
- Arcos de medio punto e bóvedas de canón

O edificio está composto por dous niveis: o **inferior** é unha cripta, mentres que o **superior** ábrese ao exterior a través de dous miradores nos extremos. A decoración son relevos con animais e un motivo moi característico desta arte chamado "sogueado", porque parece que as columnas están envotas cunha corda ou sogá.

A arte do século dez (X)

Tradicionalmente falábase de **arte mozárabe** (a arte dos cristiáns que vivían en territorio musulmán) e de **arte mudéxar** (a arte dos musulmáns que vivían en territorio cristián), pero estes termos non transmiten toda a realidade do período, polo que na actualidade empréganse o termo máis neutro de "**Arte do século X**" para falar das manifestacións artísticas deste período.

En calquera caso, trátase dunha arte que mostra influencias de tódalas culturas presentes na Península. Por unha parte temos igrexas cristiás nas que se empregan elementos arquitectónicos propios da arte islámica, coma os arcos de ferradura.

O reino de Galicia

A situación da Península trala caída do reino visigodo, no que **Galicia** estaba integrado, invasión musulmana no setecentos once 711 da Era Común (EC), fixo que no territorio do reino se instalara un **baleiro de poder**.

A curta duración do dominio das autoridades musulmáns sobre o territorio, fixo que quedara sen unha organización clara, pero sen esquecer a singularidade do territorio, o que propiciou que a nobreza local da **Gallaecia**; que naquel tempo incluía *galegos*, *ástures* e *vascóns*, collera máis forza dende os seus pequenos **señoríos** buscando facelos maiores; ben pola vía da diplomacia, mediante pactos e matrimonios; ben pola vía das armas procurando impoñerse militarmente sobre os demais territorios.

Trala invasión musulmana, un destes nobres locais Afonso, une estes territorios baixo a súa coroa, coma **Afonso I**, domina os territorios do **norte de Galicia**. Durante o seu reinado o seu labor de ampliación do seu territorio viuse favorecido pola confusa situación da Hispania musulmá daquela época, xa que debido á fame do setecentos cincuenta da EC (750), **os bereberes**, un dos pobos que participou na invasión da Península, rebeláronse, abandoando as terras do norte que, libres da súa presenza apartáronse do resto dos territorios do islam e ofreceron ao rei ástur a súa anexión á Coroa.

Os reis desta dinastía, vanse sucedendo rapidamente no trono, e a dignidade real acaba chegando a outro **Afonso, o segundo (II)**, que é importante para Galicia xa que é rei baixo cuxo reinado se produce o descubrimento **da tumba do Apóstolo**, no monte Libredón do lugar chamado Campus Stellae, hoxe Compostela.

Nos séculos seguintes, o reino intégrase na **monarquía astur-leonesa**, desligándose da mesma en períodos breves e intermitentes. O reino nunca desaparece se non que se volve a integrar no reino astur-leonés, mantendo a personalidade propia.

O primeiro monarca de seu do Reino de Galicia é **Ordoño**, nomeado rei de Galicia no novecentos dez (910) ata o novecentos catorce (914) no que asume tamén a coroa de León ata a súa morte no novecentos vinte e catro (924).

- Desde o novecentos catorce (914) ata o novecentos vinte e seis (926), **Galicia se reintegra no reino de León**

- O seu fillo **Sancho Ordóñez**, é nomeado **rei de Galicia**, subordinado ó rei de León no novecentos vinte e seis (926) ata o novecentos vinte e nove (929).

- Desde novecentos vinte e nove (929) ata novecentos oitenta e un (981), **Galicia se reintegra no reino de León**.

- No século once (XI) **Fernando II** da dinastía Ximena, casa reinante de León, divide os seus territorios entre os seus fillos; Afonso, Sancho e **García ao que lle corresponde o Reino de Galicia coma territorio independente**, entre os anos mil sesenta e cinco (1065) e mil setenta e un (1071). Un breve período antes de que o seu irmán Afonso VI se faga co territorio dos seus irmáns.

- Afonso, o futuro **Afonso Sétimo (VII)** neto de Afonso sexto (VI), nacido en Caldas de reis, **foi coroado rei de Galicia** aos sete anos de idade o dezasete (17) de setembro de mil cento once (1111), na catedral de Compostela, nun contexto político no que a nobreza galega buscaba a creación dun trono independente e Diego Xelmírez, consolidar a posición do príncipe, coma sucesor ao trono de Castela. A súa consolidación coma rei de Castela incorporou o reino á coroa castelá dende entón coma un territorio baixo o mesmo rei.



“Misterio no Mosteiro”, do proxecto cREAgal, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)